

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria do 31 de xaneiro de 2020, ás 12:00 horas.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación das actas plenarias seguintes: ordinaria número 15/19 de 20 de decembro e extraordinaria número 1/20, de 17 de xaneiro
2. Dación de conta das resolucións ditadas pola Presidencia desde o 14 de decembro de 2019 ata o 24 de xaneiro de 2020

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

3. Aprobación do plan de conservación en vías provinciais 2020; primeira fase

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

4. Dación de conta ao Pleno da Corporación Provincial da aprobación do Plan Anual de Contratación para o ano 2020.

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

5. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de decembro de 2019 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 31 de decembro de 2019.
6. Dación de conta do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
7. Dación de conta do anticipo da liquidación definitiva do exercicio 2019 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.
8. Aprobación definitiva da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2020
9. Dación de conta das resolucións de presidencia números 38340, do 30 de outubro de 2019, 42632, do 26 de novembro de 2019 e 52, do 9 de xaneiro de 2020.

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

10. Aprobación dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Hogar Español de Montevideo, da República Oriental do Uruguai, para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento do Fogar de Acollida no ano 2019

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓN

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica para a posta en marcha dun Plan director de estradas provinciais

Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica relativa ao Consorcio da Promoción da Música

Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao Goberno a aboar a débeda pendente a Galicia

Moción do Grupo Provincial Popular de apoio ao sector mar-industria alimentario da provincia fronte ao proxecto de reforma da lexislación de costas

ROGOS E PREGUNTAS